

Fundación Eugenio Granell



Catrocentos metros entre Granell
Cuatrocientos metros entre Granell



e y
Maside Maside

Eugenio Granell e **Carlos Maside** foron dous artistas galegos que coincidiron no mesmo espazo en distintos tempos, con só unha diferenza de 15 anos.

Carlos Maside, orixinario de Pontecesures, naceu o 16 de marzo de 1897. O pintor medra nunha pequena vila rural que lembra con moito agarimo na súa vida adulta. Unha gran parte da súa obra pictórica toma inspiración nesas imaxes da vida cotiá de cando era pequeno: as feiras, os postos ambulantes, as cacharreiras...

A inocencia deste neno desapareceu cando tiña 15 anos e viviu a morte do seu pai, deixando os seus estudos para comezar a traballar. A súa formación artística e social foi completamente autodidacta. Carlos Maside pertenceu ao grupo *Novecentista*, un conxunto de artistas que se autoproclamaban laicos, cívicos e demócratas, que apostaban por unha próspera Segunda República. Con trinta anos, Maside puido permitirse viaxar a París grazas a unha beca para estudar a técnica do gravado.

Eugenio Granell naceu en A Coruña no 1912 e medrou en Santiago de Compostela. Do mesmo xeito que Maside, lembra constantemente a súa infancia coma unha experiencia positiva que condicionou o seu desenvolvemento artístico no futuro. Granell comezou a súa carreira artística dende pequeno tocando o violín. Aos 16 anos múdase a Madrid para continuar os seus estudos de violín na Escola Superior de Música de Madrid, gracias a unha beca que recibiu por parte da Deputación da Coruña. O mozo Granell sitúase politicamente, non por unha situación trágica coma a de Maside, senón por ter a oportunidade de dialogar con figuras políticas e literarias. Na súa estada en Madrid, Granell milita no P.O.U.M. e nun acto político ten a súa primeira toma de contacto coa arte surrealista.

Estas dúas narrativas seméllanse en moitos aspectos; os dous artistas foron fortemente marcados pola súa infancia, viaxan (en idades moi diferentes) para ampliar o seu coñecemento artístico e sitúanse politicamente a unha idade moi nova. A partires do estalido da Guerra Civil Española no 36, cada un atopará distintas maneiras de sobrevivir á guerra e á ditadura.



Fundación EUGENIO GRANELL



CONCELLO DE SANTIAGO



CONSORCIO DE SANTIAGO

30 maio, 2024 - 2025

Fundación Eugenio Granell Sala 2 e 3. Segunda planta

Praza do Toural 15705 Santiago de Compostela www.fundacion-granell.gal



Deputación DA CORUÑA

No período da Guerra Civil, Granell participa activamente no conflito para máis tarde exiliarse dende París a Latinoamérica no 1939. Neste momento coñecerá a súa compañeira Amparo Segarra, coa que inicia unha nova vida na República Dominicana.

Carlos Maside fora profesor de debuxo dende 1937 ata 1939. Maside queda nun estado de desemprego e pobreza no que o único recurso económico que ten é a súa obra, que será censurada e vetada de todo ámbito público. O pintor era un marginado no seu propio país. Mentres, Granell, atópase nun exilio que o leva por diferentes países do Caribe e Nova York. O pintor de Pontecesures illouse na cidade de Santiago de Compostela, vivindo o que se denominou Exilio Interior.

Dúas maneiras diferentes de sobrevivir, un período clave para que os dous artistas poidan atopar a súa voz artística.

Granell afonda a súa relación coa plástica a través do surrealismo e Carlos Maside, a finais dos anos 40, comeza unha etapa de alienación do seu propio interese pola loita política e social.

Eduardo Valiña. Comisario

Cuatrocientos metros entre Granell y Maside

Eugenio Granell y Carlos Maside fueron dos artistas gallegos que coincidieron en el mismo espacio en distintos tiempos, con sólo una diferencia de 15 años.

Carlos Maside, originario de Pontecesures, nació el 16 de marzo de 1897. El pintor nace en una pequeña villa rural que recuerda con mucho cariño en su vida adulta. Una gran parte de su obra pictórica se inspira en esas imágenes de la vida cotidiana de cuando era pequeño: las ferias, los puestos ambulantes, las cacharrerías...

La inocencia de este niño desapareció cuando tenía 15 años y vivió la muerte de su padre, dejando sus estudios para comenzar a trabajar. Su formación artística y social fue completamente autodidacta. Carlos Maside perteneció al grupo *Novacentista*, un conjunto de artistas que se autoproclamaban laicos, cívicos y demócratas, que apostaban por una próspera Segunda República. Con treinta años, Maside pudo permitirse viajar a París gracias a una beca para estudiar la técnica del grabado.

Eugenio Granell nació en A Coruña en 1912 y creció en Santiago de Compostela. Del mismo modo que Maside, recuerda constantemente su infancia como una experiencia positiva que condicionó su desarrollo artístico en el futuro. Granell comenzó su carrera artística desde pequeño tocando el violín. A los 16 años se mudó a Madrid para continuar sus estudios de violín en la Escuela Superior de Música de Madrid, gracias a una beca que recibió por parte de la Diputación de A Coruña. El joven Granell se sitúa políticamente, no por una situación trágica como la de Maside, sino por tener la oportunidad de dialogar con figuras políticas y literarias. En su estancia en Madrid, Granell milita en el P.O.U.M. y en un acto político tiene su primera toma de contacto con el arte surrealista.

Estas dos narrativas se semejan en muchos aspectos; los dos artistas estuvieron fuertemente marcados por su infancia, viajan (en edades muy diferentes) para ampliar su conocimiento artístico y se sitúan políticamente a una edad muy temprana. A partir del estallido de la Guerra Civil Española en el 36, cada uno encontrará distintas maneras de sobrevivir a la guerra y a la dictadura.

En el período de la Guerra Civil, Granell participa activamente en el conflicto para más tarde exiliarse desde París a Latinoamérica en el 1939. En este momento conocerá a su compañera Amparo Segarra, con la que inicia una nueva vida en la República Dominicana.

Carlos Maside fuera profesor de dibujo desde 1937 hasta 1939. Maside queda en un estado de desempleo y pobreza en el que el único recurso económico que tiene es su obra, que será censurada y vetada de todo ámbito público. El pintor era un marginado en su propio país. Mientras, Granell, se encuentra en un exilio que lo lleva por diferentes países del Caribe y Nueva York. El pintor de Pontecesures se aisló en su ciudad de Santiago de Compostela, viviendo lo que se denominó Exilio Interior.

Dos maneras diferentes de sobrevivir, un período clave para que los dos artistas puedan encontrar su voz artística.

Granell profundiza en su relación con la plástica a través del surrealismo y Carlos Maside, a finales de los años 40, comienza una etapa de alienación de su propio interés por la lucha política y social.

Eduardo Valiña. Comisario